



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A APERTURA DO SOBRE OU ARQUIVO ELECTRÓNICO «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E A SÚA CALIFICACIÓN NO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, COMO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE CONCESIÓN DE SERVIZOS, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA, TRAMITACIÓN ORDINARIA E CON VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA "XESTIÓN INTEGRAL DA RESIDENCIA DE PERSOAS MAIORES DE CHANDREXA DE QUEIXA".

En Chandrexa de Queixa, a 28 de xaneiro de 2019.

Nas dependencias da Casa do Concello de Chandrexa de Queixa, ás dez horas e catro minutos constitúese a Mesa de Contratación, composta na forma seguinte:

Presidenta: Camila Diéguez Arias, Concelleira do Concello de Chandrexa de Queixa da área de sanidade, muller e servizos sociais.

Vogais:

- Javier Martínez de Anta, Xefe do Servizo de Investimentos, Contratación e Patrimonio da Deputación Provincial de Ourense.
- José Juan Cerdeira Lois. Director da Área de Benestar da Deputación Provincial de Ourense.
- Jacobo Manuel Rayón Cedeira. Secretario-Interventor do Concello de Chandrexa de Queixa.

Secretaria: M^a. Isabel Vasallo Gil, Auxiliar Administrativa do Concello de Chandrexa de Queixa.

Constituída a Mesa de Contratación e comezado o acto, procédese a dar conta das propostas presentadas no procedemento e do día no que tivo entrada na Plataforma de Contratos do Sector Público conforme ao establecido nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, e que son as seguintes:

| Licitador | CIF | Data e hora de presentación da oferta |
|-----------------------------------|--------------|---------------------------------------|
| SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. | A-27.843.192 | 17 de xaneiro de 2019 ás 14:58 |
| TRONCOSO CASARES, S.L. | B-32.353.195 | 17 de xaneiro de 2019 ás 17:14 |
| COVIASSTEC, S.L. | B-32.240.210 | 17 de xaneiro de 2019 ás 19:29 |

Seguidamente, de acordo co previsto na cláusula décimo quinta dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, a Presidencia ordena a apertura do sobre ou arquivo electrónico «A», procedéndose ao exame da documentación contida nos mesmos conforme á cláusula oitava dos dos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares.

1. SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A.

Presenta correctamente DEUC e Anexo I da mercantil SAMAIN SERVIZOS Á COMUNIDADE S.A. e CLECE S.A., así como compromiso para a integración da solvencia con medios externos.

2. TRONCOSO CASARES, S.L.



Presenta DEUC e Anexo I.

Comprobase que no DEUC non cumprimenta a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional.

3. COVIASSTEC, S.L.

Presenta DEUC e Anexo I.

Comprobase que no DEUC non cumprimenta a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional.

Unha vez comprobada a documentación contida nestes e á vista do actuado, a Mesa de Contratación por unanimidade acorda:

Primeiro.- Requirir a TRONCOSO CASARES, S.L. e COVIASSTEC, S.L., para que no prazo de tres días hábiles dende a recepción da comunicación procedan á emenda da información non cumprimentada no DEUC, en concreto a parte IV, apartados A) a C) relativos a idoneidade, solvencia económica e financeira e capacidade técnica e profesional.

Segundo.- Convocar á Mesa de Contratación para o día 1 de febreiro de 2019 ás 10:00 para a comprobación da emenda da documentación administrativa correspondente ao sobre ou arquivo electrónico A, así como a súa calificación.

Terceiro.- Convocar á Mesa de Contratación para o día 1 de febreiro de 2019 ás 10:30 para a apertura do sobre ou arquivo electrónico «B»: documentación acreditativa dos criterios suxeitos a avaliación previa mediante xuízos de valor.

Non sendo outro o obxecto da reunión, a Presidenta da por rematado o acto, do que como Secretaria certifico, en Chandrexa de Queixa sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dezanove.

A Presidenta

A Secretaria

Os Vogais